

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2023/10

CARÁCTER: CONSTITUTIVA CORPORACION

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 17 de xuño de 2023.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as **13,30 horas do día 17 de xuño de 2023** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO PARA CONSTITUCION DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL** resultante das eleccións locais que tiveron lugar o pasado día 28 de maio de 2023 coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros electos presentes

Polo Partido Popular

D. Daniel Vega Pérez

D^a Begoña Sanjurjo Santar

D^a Marta María Saiz García

D^a Montserrat Seijo Díaz

D.Diego dos Santos Rodríguez

D^a María Elena Sierra Pulpeiro

D. Francisco José Silvent Villalba

Polo Bloque Nacionalista Galego

D. Pablo Vizoso Galdo

D.Vicente Castro Reigosa.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey

Secretario Xeral:

D.José A.Carro Asorey

Interventor:

Técnico de Admón.Xeral.

D. José Rodil Veiga

Declárase aberto o acto pola Presidencia para levar a cabo a sesión constitutiva:

1. CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

O Sr. Secretario indica que o obxecto da presente sesión é proceder a constitución do novo Concello de Ribadeo, a vista dos resultados que se produciron nas eleccións locais do pasado 28 de maio do 2023.



O procedemento da constitución do Concello, de conformidade co disposto pola lexislación electoral vixente, implica a realización das seguintes operacións:

- 1) Constitución da Mesa de Idade formada polos Concelleiros electos de maior e menor idade.
- 2) Acreditación dos Concelleiros electos ante a Mesa de Idade, mediante a presentación da credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona e o D.N.I.
- 3) Xuramento ou promesa do cargo de Conselleiro.
- 4) Elección de Alcalde/sa.
- 5) Xuramento do cargo de Alcalde/sa.

Manifesta igualmente que en cumprimento do disposto no artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1.985, do 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeral, e no artigo 37.2 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, vaise proceder a formación da MESA DE IDADE, que estará presidida polo Concelleiro electo de maior idade, e como Vocal o Concelleiro electo de menor idade, sendo o Secretario da mesma o da Corporación.

O Secretario indica que queda constituída a MESA DE IDADE, composta por:

Presidente: D. Vicente Castro Reigosa.

Vocal: D^a Marta García Rey

Secretario: O do Concello, Sr. Carro Asorey

De seguido dase lectura ás disposicións aplicables para a constitución do novo Concello:

ARTIGO 195 DA LEI ORGÁNICA NUMERO 5/1.985, DO 19 DE XUÑO, DO RÉXIME ELECTORAL XERAL, QUE DISPÓN O SEGUINTE: "1.- As Corporacións Municipais constitúense na sesión pública o vixésimo día posterior a celebración das Eleccións, salvo que se houberse presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos Concelleiros electos, en caso suposto o cuadraxésimo día posterior as Eleccións.

2-. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación.

3-. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base as certificacións que o Concello houbera remitido a Xunta Electoral de Zona

4-. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación si concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. No caso contrario, celebrarase sesión dous días despois quedando constituída a Corporación calquera que fose o número de Concelleiros presentes."

Os Señores Concelleiros electos asistentes a esta sesión son os seguintes:

Polo Partido Popular

- D. Daniel Vega Pérez
- D^a Begoña Sanjurjo Santar
- D^a Marta María Saiz García
- D^a Montserrat Seijo Díaz
- D. Diego dos Santos Rodríguez
- D^a María Elena Sierra Pulpeiro
- D. Francisco José Silvent Villalba

Polo Bloque Nacionalista Galego

- D. Pablo Vizoso Galdo
- D. Vicente Castro Reigosa.



Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey

Non asisten os Concelleiros electos Dona Mónica Freira Rancaño, D. Jorge Díaz Freije e dona Maria Pilar Otero Cabarcos.

Polos membros da Mesa de Idade procedeuse a comprobación das Credenciais enviadas pola Xunta Electoral de Zona.

Todos os concelleiros electos cumpriron coa obriga de presentación das Credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona ante a secretaría da Corporación.

O presidente da mesa manifesta que se invita os concelleiros electos a que expoñan neste acto si lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade a súa proclamación, a tenor do establecido polos artigos 6º, 7º, 177 y 178 da lei orgánica numero 5/1.985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

O Secretario municipal indica que en cumprimento do disposto o número 7 do artigo 75 da Lei 7/1.985, do 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local do 22 de Marzo, **todos** os Señores Concelleiros Electos presentaron declaración sobre as causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais.

De conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da lei orgánica 5/1.985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, modificado pola lei orgánica 8/1.991, do 13 de marzo, para a toma de posesión e adquisición da plena condición do cargo de concelleiro, os candidatos deben xurar ou prometer acatamento a constitución.

A continuación procedese ao chamamento dos Sres. Concelleiros Electos para que presten xuramento ou promesa a cuxo efecto dispoñen do modelo impreso na súa mesa coa fórmula do xuramento ou promesa.

"¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade o Rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?", e son os seguintes:

Polo Partido Popular

D. Daniel Vega Pérez, Xura.

D^a Begoña Sanjurjo Santar. Xura.

D^a Marta María Saiz García. Xura.

D^a Montserrat Seijo Díaz. Xura.

D. Diego dos Santos Rodríguez. Xura.

D^a María Elena Sierra Pulpeiro. Xura.

D. Francisco José Silvent Villalba. Xura

Polo Bloque Nacionalista Galego

D. Pablo Vizoso Galdo, promete por imperativo legal.

Membros da Mesa de idade:

D^a Marta García Rey (PSG-PSOE), promete.

D. Vicente Castro Reigosa (BNG), promete por imperativo legal.

O presidente da mesa di que téndose dado cumprimento ao disposto no artigo 195 da lei electoral e Real decreto 709/79, esta mesa **declara constituído o concello de Ribadeo** xurdido despois das eleccións locais celebradas no día 28 de maio de 2023 para o mandato 2023-2027.



2.- ELECCIÓN DE ALCALDE.-

Polo señor secretario dase lectura ao artigo 196 da lei orgánica 5/1.985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, polo que se establece o procedemento para a elección do alcalde.

O artigo 196 da Lei Orgánica número 5/1.985, do 19 de Xuño, do réxime Electoral Xeral, establece o seguinte: "Na mesma sesión da constitución da Corporación procedese a elección do Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

a) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabezen as súas correspondentes listas.

b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.

c) Si ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.

Poden ser candidatos ao cargo de Alcalde os Concelleiros que encabezan as súas correspondentes listas, e neste Municipio son os seguintes:

CANDIDATOS	LISTA ELECTORAL	VOTOS OBTIDOS
DANIEL VEGA PEREZ	PARTIDO POPULAR	2634
PABLO VIZOSO GALDO	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	2151
MARTA GARCIA REY	PARTIDO SOCIALISTA	584

O Secretario sinala que se vai proceder a elección do Alcalde, mediante votación ordinaria de conformidade co previsto no artigo 102 do Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, salvo que algún Concelleiro solicite que sexa por votación secreta.

O resultado da votación é o seguinte:

CANDIDATO/A A ALCALDÍA	RESULTADOS
DANIEL VEGA PEREZ	7 votos

O Sr. Presidente da Mesa de idade manifesta que ao obterse a maioría absoluta dos votos emitidos polos membros desta Corporación municipal, de conformidade co disposto no artigo 196. b) da Lei orgánica número 5/1.985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, **queda elixido e por tanto proclamase Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ribadeo a D. Daniel VEGA PÉREZ.**

O Sr. Presidente da mesa de idade sinala que de acordo co disposto nos artigos 18 do real decreto lexislativo 781/1.996, do 18 de abril, e 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que se require ao citado D. Daniel VEGA PÉREZ proclamado alcalde deste Concello, para que concurra a prestar xuramento ou promesa.

O Sr. D. Daniel VEGA PÉREZ xura pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde de Ribadeo con lealdade o Rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado.

Seguidamente polo Presidente da mesa de idade fáiselle entrega do bastón de mando.

A continuación o Sr. Alcalde pronuncia as seguintes palabras:



“Señor presidente e señores/as membros da mesa compañeiros concelleiros da corporación local de Ribadeo, autoridades erepresentantes de distintas institucións veciños e veciñas,

Benqueridos todos.

Quero comezar a miña primeira intervención como alcalde de Ribadeo agradecendo a TODOS:

Todos os aquí presentes, todos os que traballaron e traballan por Ribadeo, que é o que nos ten hoxe aquí,

Todos os que percorreron os seus camiños ao longo da historia para facer posible este momento que lle debemos á democracia e que podó asegurar que quedará comigo para sempre.

O meu agradecemento tamén a todo o persoal do Concello, que traballou arreo para que este acto estea á altura dun concello como é o noso, como é Ribadeo.

E, por suposto, gracias a todos os veciños e veciñas.

A TODOS E TODAS polos que me comprometo a traballar para que nos sintamos orgullosos do goberno local, igual que nos sentimos orgullosos de Ribadeo todos os veciños e veciñas.

Aos que aquí vivimos e tamén aos que, por diversos motivos, marcharon; pero sempre tiveron a Ribadeo no corazón. Como, por exemplo, Luz Pozo Garza, nomeada filla predilecta de Ribadeo en xaneiro do 2020 e que deixaba constancia do seu amor pola nosa terra no poema ‘Abrín Portas de Prata. Ribadeo Ribadeo’.

*Algúns dos seus versos din:
Mais a luz vai comigo e abrín os ollos...
Ribadeo Ribadeo*

Esta debe ser a motivación de cada unha das 13 persoas que hoxe recollemos a acta de concelleiro da corporación municipal de Ribadeo como representantes dos ribadenses durante os vindeiros 4 anos.

Parabéns a todos (e ás vosas familias) pola honra que supón formar parte desta corporación e asumir a responsabilidade de estar ao servizo de Ribadeo.

Ese foi tamén o cometido da corporación saínte e por iso lle quero agradecer o seu traballo.

Tamén ao meu antecesor no cargo, Don Fernando Suárez, polo seu servizo a Ribadeo ao longo destes anos. Deséxolle o mellor para o seu futuro.

Igualmente, quero recoñecer o servizo ao Concello de todos os alcaldes e concelleiros que formaron parte das corporacións anteriores.

E, finalmente, agradecer aos compoñentes das listas electorais por facer posible o proceso democrático que constitúen unhas eleccións coma as municipais.

Todos construímos Ribadeo. Desde as nosas diferenzas ideolóxicas, pero con amor ao noso pobo.

Como dicía Alfredo Brañas, ideólogo do rexionalismo galego:

“Baixo o pavillón da patria rexional poden abrigarse o republicano, o federal, o monárquico.

Aquí todos somos amigos, irmáns, compañeiros queridos de alegrías e desgracias e fillos da



fermosa e dourada patria en que nacemos.

O relixioso culto que profesamos ao noso amado país xúntanos hoxe a todos neste sitio sen distinción de ideas nin opinións.

O amor á nosa terra, que todo o perfuma, vivifica e engrandece”.

Hai catro anos comezamos unha lexislatura que estivo marcada por varios acontecementos: a pandemia, a guerra en Ucraína e as súas consecuencias sociais e económicas que afectan tamén a Ribadeo. Mais todos xuntos saímos adiante e construímos o futuro do noso pobo.

Hoxe, a maioría dos concelleiros da corporación veñen de encomendarme o enorme honor que supón ser alcalde do meu concello despois de que o equipo que encabezo recibira a confianza maioritaria dos ribadenses nas eleccións do pasado 28 de maio.

Algúns xa formabamos parte da corporación e outros son por primeira vez concelleiros. Todos nós formamos un equipo que traballará arreo por representar a cada ribadense.

Xuventude e experiencia, mulleres e homes, do rural e da vila, de profesións diversas: así é o noso equipo. Un equipo forte, unido e diverso que durante estes catro anos vai traballar para todos.

Repito: para todos. Non só para quen nos votou, porque os gobernos teñen que representar a toda a poboación, sen facer excepcións.

Por isto, desde hoxe debemos traballar como corporación municipal, deixando a un lado a ideoloxía e achegándose á verdadeira vocación de servizo público e dando exemplo a todo un pobo de que sabemos traballar para que o pobo avance.

Este goberno escoitará cada proposta, cada iniciativa da oposición dende o respecto porque entendemos que todos temos dereito a empregar os instrumentos democráticos.

Como goberno, como corporación, temos varios retos que comezamos a afrontar dende xa:

1. Impulso económico na vila e no rural. Darémolle vida ao noso polígono, baixaremos os impostos e seguiremos sendo un pobo acoledor de visitantes aproveitando todos os recursos que temos para potenciar o sector turístico en Ribadeo; tendo moi en conta que somos ‘Porta de entrada a Galicia’. Seremos tenaces na creación de emprego a través da formación.

1. Apostaremos firmemente por máis **sanidade e benestar** en Ribadeo. Aportaremos de inmediato os terreos para facer realidade o centro de saúde e comezaremos canto antes a reforma integral do Hospital San Sebastián e San Lázaro. Estaremos sempre do lado das familias mellorando o servizo de asistencia no fogar.

2. Poñeremos en marcha un novo **plan de residuos** para que Ribadeo luza esplendoroso e faremos realidade o Plan de especial protección das Catedrais.

3. Seremos reivindicativos, governe quen governe, para achegar a Ribadeo as **infraestruturas** que merecemos: o segundo acceso a Ribadeo desde a A-8 e outro acceso desde a estrada de Vilela á circunvalación. Desenvolveremos o Plan Rexurbe poñendo en valor o noso patrimonio histórico e construiremos aparcadoiros dignos e públicos para turismos e camións.

4. As nosas **parroquias** necesitan investimento e traballo continuo. Investiremos en mellorar e conservar as infraestruturas, apoiar a economía (agricultura, gandaría, enerxías renovables, turismo e sector forestal) e construiremos aparcadoiros de carga e descarga de madeira. Seguiremos rehabilitando o patrimonio natural, cultural e histórico das nosas parroquias e achegaremos actividade cultural todo o ano ao noso rural.



5. É prioritario melloraras nosas infraestruturas **culturais** e apoiar e tomar en serio toda a iniciativa que ten a nosa mocidade, que é moita e este concello debe estar para axudar.

7. Tamén investiremos e conservaremos as nosas infraestruturas deportivas.

8. Traballaremos todos xuntos, goberno e corporación, por un Ribadeo en **igualdade**.

Os gobernos deben ser unidos, sen fisuras e con vontade de traballar nunha dirección única: impulsar Ribadeo e achegar investimentos clave para mellorar e avanzar.

Ese é o reto que nos encomendou o noso pobo e cumpriremos coa nosa palabra: un programa de goberno feito para ser cumprido.

Para min ser alcalde de Ribadeo é a maior honra como veciño que naceu e viviu neste concello.

Este rapaz que naceu en Arante sempre estivo orgulloso da súa parroquia e do seu concello.

Sempre levou Ribadeo no corazón e na cabeza. E agora... con máis motivos. Concretamente, 9.811.

Quero rematar como o facía Alfredo Brañas:

¡Sexa todo por Galicia e para Galicia! Neste caso:

¡Sexa todo por Ribadeo e para Ribadeo!

Faise constar que obra no expediente da sesión conforme ao disposto no artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a documentación pertinente correspondente ao arqueo contable e a documentación existente relativa ao Inventario de bens municipais.

Interprétase o himno de Galicia.

Sendo as catorce horas e dezasete minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fé.

O ALCALDE,
Asdo./ DANIEL VEGA PÉREZ.

O SECRETARIO,
Asdo./ JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE,

